

O PARQUE DA BOUZA: APROVEITAMOS A NOSA CONTORNA

GONZÁLEZ LAMAS, JESÚS; PEREIRA VIDAL, SONIA; DÍAZ PREGO, CRISTINA

CPR Plurilingüe Montesol, Vigo

AZNAR CUADRADO, VIRGINIA

Facultade de Formación do Profesorado. USC

1. A educación na natureza

O Parque da Bouza é un espazo verde situado a carón do centro educativo no que se levou a cabo esta experiencia. Este espazo dispón de sendeiros entre a masa arbórea e un estanque. Malia estar separados unicamente por unha ou dúas rúas dos centros educativos da contorna, non é utilizado como recurso, tanto por estes centros como pola veciñanza, máis que de xeito moi esporádico.

A actividade desenvolvida nesta experiencia enmárcase dentro da liña da educación na natureza ou outdoor education. Este termo refírese á aprendizaxe ao aire libre ou fóra da aula. Aínda que é un concepto que non ten uns límites ben definidos, abrangue unha serie de actividades (dende os primeiros xogos ata as actividades de aventura) que teñen como núcleo común a experiencia directa e a aprendizaxe significativa. Baséase no descubrimento, a investigación e a experimentación acompañados da reflexión e da crítica nun marco de traballo cooperativo. As actividades na natureza, ademais, poñen en xogo as emocións, que poden vehicular de xeito moi poderoso a aprendizaxe (Peris Reig, 2017)

As actividades ao aire libre enmárcanse tamén dentro da necesidade de que o alumnado faga actividade física, aínda que sexa de xeito moderado. O sedentarismo estase a facer un hábito de vida entre os escolares. Segundo o estudo científico ANIBES (2016), un 55,4 % dos rapaces/as e adolescentes españois de entre 9 e 17 anos non cumpre as recomendacións internacionais da OMS de actividade física e o 48,4% do total de participantes pasaba máis de dúas horas ao día diante dunha pantalla independentemente do día da semana.

As saídas ao medio natural, ou saídas de campo, permiten ao alumnado descubrir unha realidade cercana, favorecen o desenvolvemento de competencias sociais e persoais, promoven a curiosidade, o interese, as actitudes investigativas e as positivas cara á ciencia. Tamén son actividades nas que poden aplicar o coñecemento construído, sentir a utilidade da ciencia e relacionala coa vida real (Aguilera, 2018).

O obxectivo principal desta experiencia está relacionado coa contextualización e aplicación dos contidos curriculares traballados dende unha perspectiva interdisciplinar e globalizadora.

2. Saída ao Parque da Bouza

Esta proposta interdisciplinaria levouse a cabo con 60 estudantes de 1º da ESO, nas materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Lingua Castelá. A actividade ao aire libre desenvólvese en horario de mañá, ocupando media xornada. Os participantes distribuíronse en grupos de catro rapaces/as que tiñan que ir rotando polas actividades propostas nas materias científicas.

Dispoñían de cadanseu caderno de traballo para ir completando a información solicitada en cada actividade..

O Departamento de Matemáticas propuxo dúas actividades. A primeira actividade correspondía á medición da altura das árbores utilizando o Teorema de Pitágoras. Unha vez calculada a altura da árbore que se lles propoñía, tiñan que escoller outras dúas árbores do parque e calcular a altura seguindo o mesmo método. A segunda actividade estaba relacionada co cálculo da idade das árbores, utilizando como datos o perímetro do tronco e o factor de crecemento das mesmas .

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía propuxo ao alumnado a identificación de especies arbóreas utilizando unha clave dicotómica sinxela e adaptada ás especies observadas no parque, a recollida das texturas das cortizas das árbores e a realización dun sendeiro botánico no que o alumnado rexistraba e facía un reconto das especies arbóreas identificadas nas actividades anteriores.

Posteriormente na aula, o Departamento de Lingua Castelá organizou unha actividade de deseño de infografías e pósters utilizando ferramentas informáticas na que o alumnado, desta vez de xeito individual, recollía o realizado na actividade. Como remate final, fíxose una reflexión grupal sobre as aprendizaxes adquiridas mediante a saída.

3. Resultados e algunhas reflexións

A saída foi acollida polo alumnado con moito interese e entusiasmo, estiveron centrados nas actividades e aproveitaron o tempo para realízalas e desfrutar do entorno, que miraban dende outro punto de vista diferente do habitual.

Tanto no caderno de campo como nas infografías realizadas destaca a recollida exhaustiva da información científica traballada e a utilidade destes coñecementos. Na reflexión final da actividade, o alumnado pon de manifesto o descubrimento deste espazo, como recolle Aguilera (2018), dende unha perspectiva máis enriquecida.

En vindeiros cursos propoñemos ampliar esta iniciativa con actividades de Aprendizaxe Servizo que repercutan na comunidade, por exemplo, o deseño e trazado dun roteiro botánico con códigos QR que permitan á veciñanza a identificación das especies arbóreas para o seu coñecemento e disfrute.

4. Referencias bibliográficas

- Aguilera, D. (2018). La salida de campo como recurso didáctico para enseñar ciencias. Una revisión sistemática. Revista Eureka sobre Enseñanza y Divulgación de las Ciencias, 15(3), 310301-310317.
- Fundación Española de Nutrición (2016). ANIBES (Estudio de Antropometría, Ingesta y Balance Energético de España). https://fundadeps.org/wp-content/uploads/eps_media/recursos/documentos/762/ANIBES_numero_6.pdf
- Peris Reig, L. (2017). Outdoor Education. Una forma de aprendizaje significativo. Sevilla: Punto Rojo Libros.